



ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D^a. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 21/01/2025

Hora: 15:30 horas a 1.ª convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2ª.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 17/12/2024. Acta 24/2024.

1.2 Acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o 30/12/2024. Acta 25/2024.

2.1.-Xestión Urbanística

2.1.-EXP. URB. 110/2024 (TEDEC 2024/U027/000005) Dación de conta da comunicación previa de obras e actividade presentada por D^a. Susana Fraga Ferreiro para adecuación de local para actividade de centro de pilates e estética na Rúa do Practicante nº 2 de Sigüeiro.

2.2.-EXP.URB 18/2024 (TEDEC 2024/U018/000006) Aprobar se procede a concesión de licenza urbanística de parcelamento e agrupación das parcelas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 resultantes

da parcelación da 53, 54, 55 e parte da 56 do parque empresarial de Sigüeiro – Eduardo Pondal, 4, 6 e 8; Av. Álvaro Cunqueiro 21, 23 e 25; e Eduardo Pondal 2, esquina Curros Enríquez 2 e Av. Álvaro Cunqueiro 19 - parque empresarial de Sigüeiro – parroquia de Oroso, solicitada por Sigüeirotrans SL.

II PARTE DE CONTROL

3 Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.oroso.gal/opencms/es>).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oroso.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.